

*A sra. Carmen de Outeiro, certo día saíndo de noite de onde seus amigos da casa de Baldomero, cun facho de palla para alumearse o camiño, como era costume neses tempos, topou cun carro de toxos pertencente á casa do Ferreirolo. O lume do facho nos toxos estendeuse a unha velocidade vertixinosa, e todo foi arder, incluíndo a porta da casa que logo de máis de oitenta anos do feito segue a ser testemuña do suceso.*

*Pero a Carmen de Outeiro non pasou á historia por isto, xa que, cando esto sucedeu ela xa rondaba os oitenta anos e daquela xa se había gañado o respecto e o recoñecemento de todos aqueles os que axudou o simplemente daqueles cá coñeceron.*



*Carmen nace a mediados do século XIX; logo de ser caseiros, ela e máis o seu home na casa dos García, independízanse e vanse a vivir a súa propia casa, no Outeiro, onde é mai de seis fillos. Fixo de parteira dos natos da súa época, seguramente tamén meu avó e miña avoa viñeron da súa man a este mundo.*

*Pero o verdadeiro traballo da sra. Carmen de Outeiro foi outro. Durante máis de 30 anos, arranxa papeis a todos aqueles que queren ou deben partir cara o novo mundo, neste caso concreto Arxentina. Daquela non se podía viaxar dun país a outro con facilidade xa que ao custo da viaxe había que acompañarlle un contrato de emprego. Carmen conseguíallelo e acompañabaos ela mesma ata alí, onde se establecían.*

*Para emigrar moitos eran os que empeñaban casa e terras e na maioría dos casos pagaban a deudá cos cartos gañados alén dos mares, noutros casos, polo que fose, non había para pagar e terras e casas eran embargadas.*

*Maioritariamente a Arxentina ían os galegos a coídar gando ou a traballar nas grandísimas explotacións agrícolas daquelas terras. Así que non foron abrir restaurantes, nin pensións todos os galegos, como moitos pensábamos.*

*Pra rematar esta pequena historia contar que cinco dos seis fillos de Carmen quedaron para sempre na Arxentina. O seu home morreu cuns 60 anos de cangro de próstata, e ela logo do incidente do lume e xa con máis de oitenta anos marchou pra Áspera a casa da filla que quedara eiquí, casada alí, onde finou e foi enterrada alá polos anos 30.*

*Contovos un segredo, Carmen sentiu sempre unha afición polo noso ouro branco ó augardente destas terras; seino coa fiabilidade dunha información chegada ata os nosos días de boca en boca.*

*Txt. Peruchela, abril de 2013*